

## CIRCULAR INFORMATIVA FONDO LIBROS E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL

A Consellería ven de publicar a Orde do 03 de maio de 2019 (DOG 20 de maio) pola que se regula o Fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

### FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Esta orde ten por obxecto regular para o curso 2019/20 a participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria no vindeiro curso escolar.**

#### Asignación dos libros e contía das axudas

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata que se esgoten as existencias.

O alumnado que estea en tutela ou garda da Xunta de Galicia e o que teña discapacidade igual ou superior ao 65 % terá preferencia para a adxudicación dos libros de texto con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no Fondo, o centro adquirirá os libros precisos para garantir que o alumnado reciba os seguintes libros:

Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 €	6 libros
Alumnado con renda per cápita familiar superior 5.400 € e igual ou inferior a 9000 €	4 libros
Alumnado tutela Xunta ou discapacidade superior ao 65%	6 libros

### AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO

Son axudas destinadas ao alumnado matriculado en **1º e 2º de Educación Primaria** no curso 2019/20.

#### Contía das axudas

A contía da axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de Primaria será a seguinte:

Renda per cápita igual ou inferior a 5400€	<b>170€</b>
Renda per cápita superior a 5400€ e inferior a 9000€	<b>90€</b>
Para o alumnado matriculado en Educación Especial ou discapacidade igual ou superior ao 65%	<b>250€</b> con independencia da renda.
Para o alumnado en situación de garda ou tutela da xunta	<b>contía máxima</b> con independencia da renda.

### AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

Son axudas destinadas para adquirir material escolar destinado ao alumnado matriculado en Educación Primaria e en ESO con renda per cápita igual ou inferior a 5400€.

#### Contía das axudas

A contía da axuda será **50€**.

\* O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, matriculado en 3º, 4º, 5º ou 6º de EP na ESO, incluídos os que participan no E\_DIXGAL, cando non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que esta matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario, o centro daralle un vale coa axuda establecida no 2.2.b da orde para adquirir libros doutros cursos ou material complementario específico que determine o centro.

## CUESTIÓNS COMÚNS

### Cálculo da renda per cápita

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar calcularase **sumando os recadros 415 e 435** da declaración da renda do exercicio fiscal 2017 de todos os membros computables da unidade familiar (os membros computables figuran no Art.4 da Orde).

### Presentación de solicitudes: forma, lugar e prazo.

A solicitude pode cubrirse na aplicación fondolibros, descargarse no portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) ou recollela no colexio.

A **solicitude será ÚNICA** para todos os fillos/as admitidos no mesmo centro e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no curso 2019/20.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica pero tamén pode facerse no centro docente, **ata o día 21 de xuño** (este incluído). A presentación da solicitude implicará que o/a solicitante acepta as bases da convocatoria, manifesta que reúne os requisitos esixidos nela e que son veraces os datos que constan na solicitude; que se compromete a conservar os libros de texto e material recibidos en bo estado, e a devolvelos ao fondo solidario de libros de texto ao finalizar o curso.

### Documentación.

Xunto coa solicitude (Anexos I e II) **presentarase orixinal ou copia cotexada** da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade:

**a)** Libro de familia no que figuren todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2017, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente, que acredite situación familiar.

**b)** No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar certificado do grao de discapacidade se non autoriza a súa consulta ou se foi emitido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

**c)** No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

**d)** A Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa resolución xudicial.

**e)** No caso de alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou certificado do centro de menores.

Os documentos deben reflectir a realidade persoal, familiar e económica o 31 de decembro de 2017.

**No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta telemática**, deben aportar tamén:

- DNI
- Declaración da Renda do exercicio 2017 ou, na falta desta, certificado de imputacións do exercicio 2017
- Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade

## **Devolución dos libros de texto do curso 2018/19**

O prazo máximo para devolver os libros de texto ou do material substitutivo reutilizable será o **21 de xuño de 2019**.

### **Prazos**

- Entrega de solicitudes: \_\_\_\_\_ **ata 21 de xuño**
- Entrega de libros curso 2018/19 \_\_\_\_\_ **ata 21 de xuño**
- Prazo para gravar solicitudes \_\_\_\_\_ **ata o 1 de xullo**
- Publicación listaxes provisionais \_\_\_\_\_ **2 de xullo**
- Prazo reclamar as listaxes provisionais \_\_\_\_\_ **3 e 4 de xullo**
- Prazo para gravar reclamacións \_\_\_\_\_ **8 de xullo**
- Publicación das listaxes definitivas \_\_\_\_\_ **9 de xullo**

## CADRO RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita			
	≤ 5400 €	>5400 € e ≤ 9000€	≤ 5400 €	En garda/tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%	
	Libros de texto		Material	Libros texto	Material	Libros texto	Material
<b>1º e 2º Ed. Primaria</b>	170€	90€	50€	170€	50€	250€	50€
<b>3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria (salvo EDIXGAL)</b>	6 libros	4 libros		6 libros		6 libros ou 250€	
<b>Alumnado con NEAE</b>	170€*	90€*		170€			

\*O alumnado con NEAE e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65% que, a xuízo do centro non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario, o centro expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico complementario que o centro determine.

\*A asignación do libros farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata que se esgoten as existencias polo que aínda no caso de superar os 9000€ per cápita poden obter libros do fondo solidario se presentan a solicitude.